

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Prácticas de interpretación
DISCIPLINA	Interpretación VI
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Textual
CURSO	3º (Grupo A)
CRÉDITOS ECTS	5
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia
COORDINADOR/A	Profesora María Francelina Crespo
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Prof.Dra. Olga Magaña Rodríguez</p> <p>Horario titorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/</p> <p>Despacho: D3</p> <p>Contacto: olgamaga@edu.xunta.gal</p>
DESCRICIÓN	Análise e estudo sistemático, nunha perspectiva práctica e teórica, da técnica actoral, dos procedimentos e recursos expresivos e dos procesos psicofísicos do/da actor/actriz.
COÑECEMENTOS PREVIOS	O alumnado ten que ter aprobada Interpretación IV
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza .
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T11	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
E11	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
E12	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
E13	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
E15	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Afianzar no alumno os coñecementos adquiridos no curso anterior	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, E11, E12, E13, E15
2. Dominar os mecanismos actorais internos e externos no proceso de creación do personaxe.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, E11, E12, E13, E15
3. Acadar diversos recursos para afrontar a construción da personaxe dende a caracterización física e vocal.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, E11, E12, E13, E15
4. Dominar técnicas de construción de personaxes para a interpretación nos distintos estilos, tendencias e xéneros teatrais.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, E11, E12, E13, E15

5. Dominar as técnicas de construción de personaxes dramáticos e coñecer o repertorio de autores fundamentais.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X8, E11, E12, E13, E15	
6. Coñecer e desenvolver os conceptos de ritmo, movemento, harmonía, equilibrio, espacio e tempo imprescindibles para a construción de cada un dos personaxes a interpretar.	T1, T6, T7, T13, T15, T16, X5, X6, E11, E12, E13, E15	
7. Enmarcar as escenas dentro do seu contexto histórico e relacionalas coa linguaxe que lles corresponde.	T1, T13, T15, T16, T17, X5, X6, X7, X8, E11, E12, E13, E15	
8. Integrar a técnica corporal e a técnica vocal na interpretación	T1, T6, T12, T13, T15, T16, X3, X5, X6, X8, E11, E12, E13, E15	
9. Potenciar a creatividade persoal do alumno mediante a procura da súa propia identidade no eido da interpretación e das artes en xeral como disciplina.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, E11, E12, E13, E15	
10. Desenvolver o sentido ético do actor/actriz, a autocrítica e autodisciplina no traballo actoral.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, E11, E12, E13, E15	
4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS/h
PRÁCTICAS DE INTERPRETACIÓN	1.1 A traxedia. 1.1.1. Autores relevantes. 1.1.2. O texto trágico. Investigación e antecedentes. 1.1.3. Contexto histórico e actualización do texto.	30h
	1.2. Composición do personaxe trágico. 1.2.1. Creación psicofísica. 1.2.2. Integración do texto no corpo do personaxe. 1.2.3. O actor na súa relación ca totalidade dos elementos do feito teatral: vestiario, escenografía, iluminación. 1.2.4. Integración da técnica na posta en escena.	60h
	1.3. Posta en escena. 1.3.1. Asimilación da partitura do personaxe en relación ca obra. Dinámicas e disciplina no proceso de ensaios.	45h
TOTAL SESIÓNS		135h

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	3		3
Exposición maxistral			
Exposición práctico-teórica	20		20
Práctica individual	40	15	55
Práctica colectiva	50		50
Actividades complementarias			
Outros			
Titorías individuais	5		5
Titorías de grupo	5		5
Actividades de avaliación. Probas	5		5
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	5		5
Actividades de avaliación. Revisión	2		2
TOTAL	135	15	150
PORCENTAXE	90%	10%	100%
6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE			
Actividades	Descrición		
Actividades introductorias/ Avaliación inicial	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.		
Resolución de exercicios	Actividade na que se formulan exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.		
Debates	Charla aberta que pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun exercicio ou problema.		
Traballos de aula	O alumnado desenvolve prácticas específicas na aula baixo as directrices e supervisión do/da profesor/a.		
Estudos/actividades previos	Procura, lectura e traballo de documentación, análise de textos, resolución de problemas e/ou exercicios que se realizarán na aula de forma autónoma por parte do alumnado.		
Prácticas	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan aos alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten integrar as competencias da materia e adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.		
Titoría en grupo	Entrevistas que o grupo mantén co profesor da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.		
Titorías individuais	Entrevistas que o alumno mantén co profesor da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.		

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Titoría presencial</i> : O alumnado ten un período de atención personalizada en horario	
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso. <i>Titoría electrónica</i> : O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.	
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Seguimento diario: observación e avaliación dos procesos de traballo na aula: Puntualidade. Disciplina. Implicación e colaboración nas tarefas individuais e colectivas.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, EI1, EI2, EI3, EI5	50%
Traballos teóricos. Presentación de exercicios escritos e exposición oral dos mesmos.	T1, T13, T15, T16, X5, X6, X7, EI1, EI2, EI3, EI5	20%
Mostra de traballos,	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, EI1, EI2, EI3, EI5	30%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Proxecto de creación. Posta en escena dun texto trágico centrada na creación psicofísica da personaxe a traballar. O exercicio debe ir acompañado dunha memoria que recolla o proceso de construción da personaxe, as técnicas de interpretación empregadas e a análise de texto : antecedentes, lugar da acción, circunstancias dadas, conflitos, obxectivos da personaxe e conclusións.	T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, EI1, EI2, EI3, EI5	70%

<p>Entrevista persoal e posta en común dos procesos que o/a alumno/a tivo que desenvolver para realizar as probas do exame.</p> <p>O profesor/a poderá realizar calquera pregunta relacionada cos contidos da materia, ca proposta feita polo alumno/a e co texto traballado na escena.</p>	<p>T6 / T7 / T8/ X5 / X6 /E11 / E15</p>	<p>30%</p>
<p>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria</p>		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<p>Proxecto de creación. Posta en escena dun texto trágico, centrada na creación psicofísica da personaxe a traballar. O exercicio deberá ir acompañado dunha memoria que recolla o proceso de construción da personaxe, as técnicas de interpretación empregadas e a análise de texto : antecedentes, lugar da acción, circunstancias dadas, conflitos, obxectivos da personaxe e conclusións.</p>	<p>T1, T6, T7, T11, T12, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, X6, X7, X8, E11, E12, E13, E15</p>	<p>50%</p>
<p>Recensión dun libro sobre técnica actoral elixido polo/a profesor/a.seguindo as normas A.P.A. (mínimo 7 pax., máximo 10 pax).</p>	<p>T1, T13, T15, T16, X5, X6, X7, E11, E12, E13, E15</p>	<p>30%</p>
<p>Entrevista persoal e posta en común dos procesos que o/a alumno/a tivo que desenvolver para realizar as probas do exame.O profesor/a poderá realizar calquera pregunta relacionada cos contidos da materia, ca proposta feita polo alumno e co texto traballado na escena.</p>	<p>T1,T2,T3,T6,T7, T8 X1, X2, X3, X4, X5, X6,E11, E12, E13, E15</p>	<p>20%</p>

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS

- Boleslavsky, R. (1989). *La formación del actor*, Madrid: Avispa.
- Chejov, M. (2006). *Lecciones para el actor profesional*. Barcelona: Alba Editorial.
- Chejov, M. (2008). *Sobre la técnica de actuación*. Barcelona: Alba Editorial.
- De la Maza, L. (2007). Apuntes sobre la tragedia contemporánea. *Apuntes De Teatro*, (129), 62–67.
- Layton, W. (1989). *El trampolín del actor*. Madrid. Editorial Fundamentos.
- Maza, L. d. I., & Batlle Jordá, C. (2008). Tragedia contemporánea y su posibilidad: Himmelweg de Juan Mayorga.
- Medina Vicario, M. (2000). *Los géneros dramáticos*. Madrid: Editorial Fundamentos.
- Rodríguez Agrados, F. (1999). *Del teatro griego al teatro de hoy*, Madrid: Alianza.
- Santibáñez, P. F. (2012). Algunas consideraciones en torno a la condición de la mujer en la Grecia Antigua. *Intus-Legere: Historia*, 6(1), 7–18.
- Suárez-Somonte, P. S. (2014). Helena de Troya: una heroína controvertida/Helen of Troy: a controversial heroine. *Asparkia. Investigació Feminista*, (25), 113–126.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

- Abirached, R. (1997). *La crisis del personaje en el teatro moderno*. Madrid: Publicaciones de la ADE.
- Aslan, O. (1979). *El actor en el siglo XX. Evolución de la técnica. Problema ético*. Barcelona: Gustavo Gili. Aristóteles (2004). *Poética*. Madrid: Alianza editorial.
- Artaud, A. (2006). *El teatro y su doble*: Argentina.
- Barba, E. (1999). *La canoa de papel*, Argentina: Catálogos S.L.R.
- Barba, E. (1990). *El arte secreto del actor (Diccionario de antropología teatral)*, México D.F; Escenología.
- Brook, P. (1986). *El espacio vacío*, Barcelona: Península.
- Brook, P. (1987). *Provocaciones*, Buenos Aires: Ediciones Fausto.
- Brook, P. (1994). *La puerta abierta*, , Barcelona: Alba Editorial.
- Copeau, J. (2002). *Hay que rehacerlo todo*, Madrid: ADE.
- Desuché, J. (1968). *La técnica teatral de Bertol Brecht*. Barcelona: Oikos-Tau Ediciones.
- Festugière, A. (1986). *La esencia de la tragedia griega*, Barcelona: Ariel.
- Kantor, T. (1984). *El teatro de la muerte*, Buenos Aires: La Flor.
- Kantor, T. (1997). *La escena de la memoria*, Madrid-Barcelona: Fundación Arte y Tecnología.
- Laban, R. (1975). *The mastery of movement*, London: Macdonal and Evans.
- Lecoq, J. (2003). *El cuerpo poético*. Barcelona: Alba Editorial.
- Raymond, J.L. (2019). *El actor en el espacio. La escenografía como generadora de la acción escénica*. Madrid: Fundamentos.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

A falta de asistencia a clase de máis do 10% do horario lectivo da materia suporá a perda da avaliación continua.

Para a asistencia a titorías débese falar previamente co docente co fin de pactar o día e a hora do encontro. Tamén se pode concertar a titoría enviando unha petición ao profesor por correo electrónico. Será resposta tamén por correo electrónico, indicándose o día e a hora da titoría.

Os traballos escritos deberán presentarse en formato APA,